

**Gómez Acebo, Isabel, Francisco. *El pañero de Asís*, Khaf, Madrid 2013. 311 páx. Religión Digital Libros.**

A teóloga Isabel Gómez Acebo achéganos á historia de Francisco de Asís, na Italia do século XIII na linguaxe das novelas de aventuras, achegando a

vida e espiritualidade de Francisco á xente moza.

**Rodríguez Soto, José Carlos, *Dios y la guerra***, Khaf, Madrid 2013. 150 páx. Expresar religioso.

O autor foi misioneiro comboniano con máis de 20 anos de experiencia en Uganda durante os anos máis difíciles da guerra, que recolle neste libro de relatos duros, cheos de dramatismo e crueza, pero sen perder a esperanza que el mesmo experimentou no medio do horror.

**Instituto Superior de Pastoral UPSA, *La crisis de Dios hoy***, Khaf, Madrid 2013. 231 páx. Expresar teolóxico.

Ao longo do ano académico 2012-13 no Inst. Sup. de Pastoral organizou un ciclo de relatorios co tema A crise de Deus hoxe. Este libro recolle cinco destes traballos: *Crise de Deus hoxe: en que Deus cremos?*, por Juan José Sánchez Bernal, *O Deus dos pobres*, por Luis González-Carvajal Santa Bárbara, *Ciencia e relixión: Na procura do necesario diálogo* por Agustín Udías Vallina, S.J., *Dous filósofos ante Deus* por Manuel Fraijó Nieto e [*Dous*

**Torralba, Francesc, ¿Por qué Pierre Anthon debería bajar del ciruelo? Interioridad y sentido,** Khaf, Madrid 2013. 152 páx. Expresar religioso.

Partindo da trama da novela de Janne Teller *Nada*, na que un rapaz de 14 anos non quere baixar dunha ameixeira porque nada lle ten sentido, Francesc Torralba, profesor da U. Ramón Llull, analiza un estado de

ánimo colectivo, o nihilismo, e propón o único antídoto posible: a busca interior de sentido. Non eliximos existir, pero podemos elixir como facelo, como encher de significado o noso tempo elaborando un proxecto de vida que teña valor para cada uno, cada unha.

**González-Anleo, Juan María, Consumidores consumidos.** Juventud y cultura consumista. Expresar religioso, Khaf, Madrid 2014. 230 páx. Expresar religioso.

Os mozos de hoxe son, por riba de todo, consumistas e este feito dita como se pensan a si mesmos, como se relacionan cos demais e como se proxectan ao mundo. Este libro analiza

dende esta óptica os valores, os sinais de identidade colectiva ou as novas formas de acción social da xuventude.

**González-Balado, José Luis, Playfoot Paige, Janet Nora, San Juan XXIII.** Modelo de pastor. Expresar religioso, Khaf, Madrid 2014. 273 páx. Expresarte.

Esta parella aborda a biografía de Xoán XXIII contando coa colaboración do secretario e albacea de Xoán XXIII, Mons. Loris F. Capovilla e co seu sobriño, Marco Roncalli. A biografía está chea de detalles persoais e emotivos, escrita dende o corazón dun home que cambiou a igrexa.

**Marisa Vidal Collazo**